

O calendario escolar 2019/2020 aprobado polo Consello de Goberno o 29 de marzo de 2019 establece que o calendario será único para os estudos adaptados ao EEES. Non obstante, no apartado 5 establece que cada centro, en función das súas características e/ou circunstancias, poderá propoñer unha adaptación deste calendario que terá que ser autorizada pola Secretaría Xeral.

Recibida a solicitude de cambio da Facultade de Farmacia, esta Secretaria Xeral resolve:

Autoriza a realizar os seguintes cambios no calendario académico para o Grao en Farmacia:

- Materia **G2081524** Prácticas Tuteladas:

Primeiro período de apertura de actas: do 14/02/2020 ao 18/02/2020

Segundo período de apertura de actas: do 17/07/2019 ao 21/07/2019

- Materia **G2081525** Traballo de Fin de Grao:

Segundo período de defensa, ampliar ata o 24/07/2020

Segundo período de actas, ampliar ata o 30/07/2020

Polo que se refire ao prazo de entrega de TFG para a súa defensa no mes de setembro, non se entende procedente a ampliación do prazo previsto no calendario xa que non permite asegurar que a tramitación interna previa á defensa se poda realizar en tempo.

A SECRETARIA XERAL

Dulce María García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

DECANO DA FACULTADE DE FARMACIA, RESPONSABLE DA UNIDADE DE APOPIO Á XESTION DE CENTROS E DEPARTAMENTOS, VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA, VICERREITOR DE PROFESORADO, VICERREITORA DE TITULACIÓNS, XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA, XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/11/2019 18:35:00.

CSV: 76F7-E206-476C-8D0E